PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 03/05/2024 11:04:02
Nº Rexistro: 551
Data envio: 03/05/2024 11:04:02.927

PARLAMENTO DE GALICIA

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 30 de abril de 2024, adoptou o seguinte acordo:

Procedementos de natureza normativa
Proposición de lei para presentar perante o Congreso dos Deputados

Admisión a trámite

- 2551 (12/PPLC-000002)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Proposición de lei orgánica, para presentar perante o Congreso dos Deputados, de traspaso de funcións e servizos da Administración xeral do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ordenación e xestión do litoral

A Mesa toma coñecemento da referida iniciativa, e dado que vén presentada nos termos previstos no artigo 122 do Regulamento da Cámara, acorda:

1.º- Admitir a trámite a Proposición de lei orgánica, para presentar perante o Congreso dos Deputados, de traspaso de funcións e servizos da Administración xeral do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ordenación e xestión do litoral

2.º- Dispoñer o seu traslado á Xunta de Galicia para que emita o informe previsto no artigo 22 da Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, e para que manifeste o seu criterio e a súa conformidade respecto da súa tramitación nos termos previstos no artigo 123.2 do Regulamento.

3.º- Ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 3 de maio de 2024

Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

Sr. deputado/Sra. deputada
Sr. portavoz do G.P. Popular de Galicia
Sra. portavoz do G.P. do Bloque Nacionalista Galego
Sr. portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia
Sr. portavoz de G.P. Mixto
Sres. presidentes e Sras. presidentas das comisións
Sra. directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Boletín Oficial do Parlamento de Galicia

CSV: REXISTRO-LjKmYgFxn-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/